

Partido correspondente a la 11ª Xornada da liga Provincial Feminina, que enfrontou ó A.R.C Fermiordes e ó Concello de Ponteceso, encontro disputado o sábado 11 de decembro ás 20:00 horas no Pabillón Castelao II de Ordes, que finalizou co resultado de 3-0 a favor do equipo local.

ALINEACIÓNS:

A.R.C. FERMIORDES.- Lucía, Lucía, Ana, Alba e Lorena (cinco inicial). Tamén xogaron Eva, Andrea, Marta, Lucía e Mª Patricia.

CONCELLO DE PONTECESO F.S.F.- Salomé, Silvia, Cris Santos, Chris e Carmen (cinco inicial). Tamén xogaron Ana, Mónica, Marta e Tamara.

GOLES:

1-0 (min. 20) Lorena.

2-0 (min. 41) Lorena.

3-0 (min. 47) Alba.

Bó partido do equipo Pontecesán, pero volta con un gran enfado pola actuación arbitral. O equipo Ordense realizou múltiples e duras entradas ás xogadoras de Ponteceso, deixandoas actuar así o árbitro da contenda, que por si non fora pouco, cargou ó equipo da vila de Pondal con, nada menos, que 5 tarxetas amarelas, sin facer ningunha entrada nin parecida ás das xogadoras do Fermiordes.

Por outro lado, nunha xogada de ataque Pontecesán, que para un tiro a bocaxarro a porteira Ordense mandando ó balón a corner, cando as xogadoras do Ponteceso ían a sacalo corner, o árbitro pita saque de porta, o que as pillas xogadoras do Fermiordes sacan rápido estando o Ponteceso descolocado e remataría a xogada en gol local, moi protestado polo banco Pontecesán. Nestas protestas o árbitro do partido saca tarxeta amarela ós entrenadores Barca e Curro, e nin facendo caso ó seu mesa que lle dí que estaba trabucando.

No meramente deportivo, a primeira parte foi un toma e daca constante entre os dous equipos, con varias ocasións en ámbalas dúas porterías. O marcador só se movería no min. 20 nunha boa xogada personal da Ordense Lorena (a mellor xogadora do partido).

Xa na segunda parte, o Ponteceso adiantou ás líneas facendo unha forte presión a

todo o campo, o que lle fixo ter varias ocasións para empatar, pero cando non eran ós paos, era a porteira local, e cando non era o árbitro coas súas decisión que acabou desquiciando as xogadoras visitantes.

Na xogada polémica anteriormente citada chegaría o 2-0, alá polo min. 41 e despois de intentar sacar un corner as Pontecesáns, o árbitro trabúcase, e saen soas 3 xogadoras locais, chegando diante se Salomé, que aínda parou o primeiro disparo, pero non puido co rexeite.

Case no final chegaría o definitivo 3-0, tamén nun rechace de Salomé a un forte disparo, que a local Alba metíu dentro da portería.

Cabe destacar a boa actuación de Salomé, a cancerbeira do Concello De Ponteceso que fixo varias paradas de moito mérito, evitando así unha derrota máis abultada.

Mala sorte para o equipo Pontecesán, que aínda tendo moitas baixas (10), deixou moi boa imaxen no partido, e si non fora pola pésima actuación do colexiado D. Manuel Vázquez Illodo, do colexio de Santiago, que tamén cabe destacar que ata sabía o nome de pila de tódalas xogadoras locais, seguro o resultado sería moito máis apretado do que foi.

A vindeira semán, o Concello de Ponteceso recibe A Salina Xuventude de Esteiro, outro derbi da costa da morte que se xogará no municipal de Ponteceso o vindeiro sábado 18 de decembro.